




## DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: “Galiza é un mundo”



### A tradición

#### Celebración do magosto

*“Por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto”*

No seu tempo a castaña ocupou un lugar preponderante na nosa dieta ata o século XVIII que foi substituído pola pataca, que nun principio se denominou castaña mariña, castaña das Indias ou castaña de terra, o que dá idea da identificación que estableceu a poboación entre ambos os dous recursos alimentarios.

Na época de recollida, tiña lugar unha celebración popular consistente nunha reunión festiva arredor das castañas, o magosto e que dalgún modo viña agradecer a recollida dos froitos que servirían para pasar o duro inverno.

Crese que o magosto é unha festa de orixe celta que marcaba o paso do verán ao outono; o remate da época na que a vida se fai fora e comezo da época en que a vida se fai no interior a carón do lume.



## O Samaín

É esta unha das celebracións máis populares e difundidas do século XXI.

Aínda que a versión actual do 'trick or treat' provén dos Estados Unidos e foi exportada ao resto do mundo nos últimos anos, a orixe desta festa é europea, mestura da festa pagá do Samhain e a relixiosa de Todos os Santos.

Os máis pequenos e as súas familias participaron na xposición e divulgación desta festa de orixe celta que na nosa comunidade ten moito arraigo.



## O Apalpador...

*Cal é a orixe do Apalpador?*

*Por que un carboeiro do Courel decidiu dedicar a súa vida a sorprender cada fin de ano con pequenos agasallos?*

O vello Apalpador, tamén chamado Apalpabarrigas, ou Pandegueiro en partes do oriente ourensán é unha figura lendaria galega que achega os agasallos ás nenas e nenos a noite de ano vello (ou a de nadal). Baixa das devesas do Courel, entra pola noite nos cuartos das nenas e nenos e moi silenciosamente lles apalpa as súas barriguiñas por ver se están mantidos. Se están cheas dilles: “Así, así esteas todo o ano” e déixalles unha presa de castañas. Senón cala, pero tamén lles deixa castañas.

Para tranquilizar aos rapaces, bulideiros pola inqueda da chegada do Apalpador, os pais cantábanlles esta canción:

Vaite logo, meu meniño (miña meniña)  
marcha agora porque vai vir o Apalpador  
a apalparche a barriguiña.  
Xa chegou o día grande  
día do noso Señor.  
Xa chegou o día grande  
e virá o Apalpador.

Mañá é día de cachela,  
que haberá gran nevarada  
e ha vir o Apalpador  
cunha mega de castañas.

Por aquela cemba  
xa ven relumbrando  
o señor Apalpador  
para darvos o aguinaldo.



